

No centenario de dous persoeiros da cultura galega

XESUS TORRES REGUEIRO (*)

1.—XOAN VICENTE VIQUEIRA

Pese a que no ano 1974 a Real Academia Galega lle dedicou o día das Letras Galegas e se reeditasen os seus escritos, Viqueira é un dos persoeiros da cultura e nacionalismo galegos menos coñecidos e estudados. O centenario do seu nacemento —eclipsado ao coincidir co de Castelao— pode axudar, como ocorre ás veces neste tipo de efemérides, a sacalo do esquecemento e a relembra-la a súa figura e persoalidade complexa e polifacética.

As raíces de Xoan Vicente Viqueira López atópanse moi pertiño de Betanzos, na viciña parroquia bergondense de San Fiz de Vixoi. Alí, no lugar de San Vitoiro, o seu avó Don Xosé Pascual López Cortón, indiano rico e personaxe importante no Rexurdimento da cultura galega polo seu labor de mecenas do «*Album da Caridade*», posuía unha quinta («Casa Cortón» popularmente) que aínda hoxe pertence aos descendentes. A ela vai estar Xoan Vicente vencellado toda a súa vida.

A súa nai casara cun seu tío, militar e maior que ela, destinado en Madrid. Alí naceu accidentalmente Xoan Vicente —ou Johán, tal como adoitaba asinar os seus escritos en galego— o 22 de outubro de 1886, sendo o segundo dos dous fillos do matrimonio. Ao pouco de nacer trouxérono a Vixoi, onde vive até os doce anos. Despois dun ensino primario na aldea, cursa os estudos de segundo ensino en Betanzos, onde o seu tío, o enxeñeiro Xosé López Cortón, viña de instalar a primitiva fábrica de electricidade.

No 1898 vai a Madrid a continuar os estudos na *Institución Libre de Enseñanza* (ILE), á cal sempre estaría ligado incluso por vencellos familiares, non en valde Manuel Bartolomé Cossío, un dos fundadores da ILE, estaba casado cunha irmá da súa nai e, xunto con Giner de los Ríos —o outro co-fundador—, adoitaban pasar os veráns en Vixoi. Deste xeito, a quinta familiar de San Vitoiro convertíase nas temporadas estivais en centro de pelerinaxe dunha boa parte da intelectualidade española, da cal os fundadores da ILE facían de anfitrións.

Aos quince anos unha grave enfermidade cébase en Xoan Vicente e xa non o deixará até a morte, arrastrando toda a vida unha coxeira permanente ademais de grandes dores e mágoas. A causa do mal, que o obrigará a gardar repouso durante meses enteiros, irá a




Retrato de Viqueira

Franza a partir do 1902, onde é operado dúas veces. Nas estadias francesas de 1908 e 1909 aproveita para estudar por libre na Sorbone e, ao contacto con mestres como o famoso filósofo Henri Bergson, xurdirá a súa vocación filosófica.

Unha vez licenciado e doutorado en Filosofía pola Universidade madrileña as súas arelas de aperfeizoamento lévano desde 1911 a 1914 a seguir cursos e seminarios —gracias a unha bolsa da *Junta de Ampliación de Estudios*— nas máis importantes universidades do momento na disciplina filosófica: Berlín, Leipzig e Gotinga. Dedicase á Psicoloxía experimental, traballando e investigando cos mellores profesores alemáns. Voltará ao estoupar a guerra europea e pasará a exercer un tempo a docencia na ILE. Casa con Xacinta Landa, de orixe portuguesa e tamén vencellada á Institución, que vive aínda hoxe, case centenaria, en México.

No 1917 gaña a cátedra de Psicoloxía do Instituto de Compostela, pero no mesmo ano pasará a ocupar a cátedra da mesma materia no Instituto da Coruña, onde xa estará até a súa morte, que acaece na aldea da Lagoa (Bergon-

(*) Xesús Torres Regueiro, betanceiro, é profesor de Ensino Xeral Básico e investigador de temas históricos dos s. XIX e XX.



A Quinta de San Vitoiro, en San Fiz de Vixoi, a primeiros de século

do), perto da praia de Ganderío a onde acudía tomar baños, o 28 de agosto de 1924, aos 37 anos e en plena madureza intelectual. Tivo un enterro civil como desexara, atopándose a sua campa a carón do cimiterio parroquial de San Xoan de Ouces.

Nos sete anos que pasará a cabalo de Vixoi e A Coruña vai desenvolver unha intensa laboura galeguista, redactando artigos sobre os problemas de Galiza en varios xornais e revistas, especialmente en *A Nosa Terra*, órgano das Irmandades da Fala; pronunciando conferencias en centros sociais e culturais da Coruña sobre temas variados e sempre relacionados con Galicia; presidindo algún tempo a Irmandade da Coruña ou de director e conselleiro de *A Nosa Terra*. Podemos dicir que a etapa galeguista de Viqueira é a realmente fecunda para a nosa cultura e a que ten interese para os galegos, sen menoscabo da sua actividade científica e filosófica, restrinxida pola sua propia esencia ao coñecimento dunha minoría especializada.

Viqueira, home relacionado cos medios culturais e coñecedor das escolas e correntes filosóficas alemás e europeas, colaborará arreo en revistas científicas españolas e europeas, con temas relacionados coa filosofía, a pedagogía e a psicoloxía. Traballos deste cariz publicounos a miúdo no boletín da ILE e en *Archivos de Neurobiología*, publicación de élite na que, ao dicir de Ramón Vilar Ponte, «somentes colaboraban os nove ou dez biólogos e psicólogos de mentalidade europea que se poden citaren na España: Cajal, Turró, Lafora, Simarro, Ortega e Gasset, e os dous galegos Viqueira e Nóvoa Santos». Escreberá varios folletos sobre temas filosóficos e pedagóxicos, un libro sobre Psicoloxía infantil e, xa póstumamente, a sua viúva levará ao prelo as leccións de *Ética* que Viqueira impartira aos alumnos de sexto curso do

Instituto coruñés. O libro, editado en Madrid, levará por título *Ética y Metafísica*. Fai ademais traducións do alemán de traballos e libros científicos e traducións literarias de autores alemás e clásicos gregos da sua devoción: poemas de Goethe, Hebbel, os *Idilios* de Teócrito...

A par dos escritos e traballos filosóficos e pedagóxicos, que lle deron sona neses medios, Viqueira é autor dun feixe de escritos en galego, relacionados coa problemática de Galiza, espallados en xornais e revistas e reunidos á sua morte —xunto con outros escritos en español— no libro *Ensaio e poesías*. A lingua galega e os seus problemas, o ensino —dende o primario até o universitario pasando polo profesional e técnico—, a procura dunta arte enraizada no país, a pescuda da psicoloxía das nosas xentes..., son temas tratados por quen estaba aberto e atento ao quefacer dos centros culturais e científicos de Europa, en forma de esbozos esquemáticos —alguén falou de «ensaio de ensaios»—, non por elo exentos de fondura e concepto.

A sua condición de intelectual considerado, de boa situación social, con boas relacións nos círculos intelectuais, de cosmopolita na Franza e na Alemaña, non o leva a esquecer as raíces e facerlle noxos á realidade cultural e social da Galiza. Ao contrario daqueles «cosmopolitas de cascarilla» que el ridiculizaba, Viqueira adopta un compromiso co país para, diante do panorama desolador, tentar levantalo da postración en que se atopa. Pois, como el decía, o auténtico cosmopolita «é aquel pra quen nada humano lle alleo; non aquel a quen até a súa terra lle estrana».

As súas ideas e teses político-nacionalistas reflexan unha gran claridade de pensamento sobre a realidade e o futuro de Galiza, nuns



*Viqueira, neno, entre os asistentes ao Colexio de 2.º
ensino de Betanzos, instalado no edificio Arquivo
(no libro «Ensaio e Poesías» páx. 226 G-8/366)*

anos nos que o nacionalismo galego estase a xestar como «corpus teórico». Neste senso a súa influencia é notoria noutros persoeiros nacionalistas. Así, moitas teses e ideas que Castelao verte no «*Sempre en Galiza*» estaban xa presentes, dalgún xeito, nos escritos galegos de Viqueira. Temas como a dialéctica nacionalismo/internacionalismo, nacionalismo/socialismo, a necesidade dunha «Autonomía Integral» e dun Estado Federal que abranga incluso a península nunha Federación Ibérica, xa foran abordados por Viqueira —aínda sen desenrolar totalmente— con claridade e seguridade. Cecaís a súa prematura morte, ao rachar o desenrolo da súa labourea creativa e do seu pensamento, privoulle do recoñecemento debido dentro da nosa cultura e da consideración de teórico nacionalista, condición esta que supeditaba á de humanista e home de ciencia.

En todas as súas facetas —o filósofo, o pedagogo, o psicólogo, o orador, o ensaísta, o poeta, o lingüista, o amante da música, da arte e da literatura, o dirixente e teórico nacionalista, o fomentador das relacións culturais co Portugal irmán...— Viqueira quere contribuir a que Galiza «chegue a ser unha lumrada espiritual acesa alumando o mundo enteiro». A «Galiza de mañá» que albiscaba Viqueira aínda non está conquerida. Temos de ousar novos camiños para convertila —en verbas suas— dun arrabal nun centro con vida propia. En tanto, leamos os



Caricatura de Viqueira por Cebreiro. Foi publicada no ANUARIO BRIGANTINO de 1949

seus escritos, cavilemos neles e poñamos o noso grao para acadar esa Galiza do porvir. Será a mellor homenaxe que podamos facer a este mariñán, galego e europeo no centenario do seu nacemento.

* * *


2.—CASTELAO E O CENTRO BETANZOS

Castelao, para quen Betanzos «representa algo máis que a xurisdición municipal ou xudicial que agora leva ese nome: representa unha histórica e gloriosa provincia que foi varias veces a cabeza de Galiza», non tivo moita relación coa vila betanceira. Que nós seipamos nunca falou públicamente nen expuxo a súa obra en Betanzos. Nen nos actos organizados pola Irmandade da Fala da localidade nen posteriormente, na breve etapa republicana, nos mítines do Partido Galeguista e das coalicións nas que este partido interviña. Si falou, nembargantes, nun mitin do Partido Galeguista na veciñá parroquia de San Tirso de Mabe-gondo, na compañía de Lúgrís Freire, Vitor Casas e Suárez Picallo, no mes de Santos de 1932, sendo xa Diputado a Cortes.

Mais Betanzos e a súa bisbarra eran ben coñecidos de Castelao, quen na súa obra «*As cruces de pedra na Galiza*» (Buenos Aires, 1949) debuxaría as cruces —das chamadas antefixas— de Santa María do Azougue e San Francisco de Betanzos, do mosteiro de Monfero

e de Ois (algunhas delas estudadas posteriormente por Vales Villamarín no seu traballo publicado no Anuario Brigantino de 1982) e tamén un boceto dun cristo de Abegondo. Ademais, nun dos debuxos da serie «Os meus compañeiros» —compañeiros da mesma cegueira que ameazaba ao rianxeiro— Betanzos aparece como fondo suxeridor, ollado dende o Peirao. Noutros debuxos da mesma serie é nos ambientes de romarías ou de paisaxes rurais onde Castelao enmarca a traxedia dos «cegos de pedir». Ramón Vilar Ponte escribía no Anuario Brigantino de 1951 sobor do feito de escoller Castelao esa vista da nosa vila como fondo, louvando a beleza da mesma. Braís da Bouza lembraba isto recentemente nun artigo e facía votos para que unha boa reprodución desta obra «betanceira» de Castelao estivera pronto á vista dos betanceiros, desexo que nós compartimos plenamente.

A relación que Castelao non tivo coa vila betanceira nos anos anteriores á guerra civil tívola posteriormente co Betanzos da diáspora: cos betanceiros emigrados en Buenos Aires e coa sociedade que os representaba, o Centro Betanzos, do cal sería presidente honorario.



Deseños incluídos en «As cruces de pedra na Galiza»

Ao chegar ao exilio bonaerense Castelao vai conseguir aglutinar aos galegos da emigración máis conscentes ao redor da idea da defensa da democracia e da personalidade diferenciada de Galiza. Neste senso as relacións de Castelao coa emigración galega e as súas sociedades foron intensas. Co Centro Betanzos, entidade que mantivo ao longo do franquismo a defensa da causa republicana, democrática e galeguista, non o foron menos.

Como é sabido Castelao morreu no exilio arxentino en xaneiro de 1950. Uns meses despois o Centro Betanzos participa nun funeral cívico en lembranza e homenaxe do guieiro difunto, ao tempo que comenza unha colecta entre os asociados coa finalidade de costear un busto do homenaxeado.

Precisamente a morte do rianxeiro ocasionou no Centro Betanzos un enoxoso incidente, zanzado pola directiva da entidade coa expulsión de cinco asociados «non polos ataques aos membros da mesma, senon polas ofensas á


memoria do Presidente honorario do Centro Betanzos», é dicir a Castelao.

A propia directiva tirou unha folliña dirixida aos socios para explicar e xustificar a súa actuación diante de versións desvirtuadas que circulaban entre a colectividade. Nela aclárase o incidente xurdido na mañán do domingo 8 de xaneiro dese ano, cando nunha festa campestre organizada polo Centro Betanzos, a directiva ordeou paralizar a música e o baile ao enterarse da morte de Castelao, acaecida a noite anterior. A medida fora acordada con anterioridade pola directiva, en previsión do desenlace temido.

O propio presidente da entidade dirixíuse ao escaso e madrugador público —unhas trinta persoas, das que moitas non eran asociadas— para comunicar a mala nova do pasamento da «mais grande figura da Galiza contemporánea e a máis xenuína representación do espírito e sentimento patriótico galego». Se ben os asistentes á festa poderían continuar no Campo «Os Caneiros» de San Isidro —tal era o nome



Castelao coas autoridades das sociedades emigrantes do Partido Xudicial de Betanzos. Buenos Aires, 1947



Reproducción da carta na que Castelao acepta o nomeamento de «Presidente de Honor» do Centro Betanzos



Debuxo da serie «MEUS COMPAÑEIROS». Betanzos ao fondo, dende o actual «Paseo Ramón Beade» (en Gran Enciclopedia Gallega e en Anuario Brigantino 1957)

do lugar— e disfrutar das súas instalacións, o baile e a música ficarían suspendidos, reinte-grándose o importe da entrada ao mesmo, pois «non se consideraba correcto que, no intre de atoparse a galeguidade en loito, nunha institu-ción galega se estivese de festa, e moito menos na nosa da cal Castelao era Presidente honora-rio». Mais un pequeno grupo de persoas non samente recibiu con disgosto a supresión do baile senon que se revoltou violenta e airada-mente contra a resolución directiva insultando aos seus membros e á memoria do propio Castelao de corpo presente. A repercusión que debeu ter o vergoñante feito entre a colectividade betanceira e aínda entre os emigrantes galegos, xunto coas versións malintencionadas dos socios expulsados moveu á directiva a publicar a folliña aclaratoria.

Ao cumprirse o primeiro cabodano do pasa-mento de Castelao o Centro Betanzos sacou un


número do seu boletín dedicado a esta efe-méride. Na portada do boletín reproducíase a fotografía do busto, xa realizado, e nas páxinas interiores publicábase a nómina de donantes da costación pro-busto ao tempo que se daba noticia escrita e gráfica da colocación do mes-mo en lugar destacado do local social. Como é público e coñecido, este mesmo busto atópase actualmente en Betanzos xa que foi donado recentemente polo Centro Betanzos ao conce-llo. A celebración do funeral cívico que se celebrara en maio de 1950 ocupaba tamén parte do espazo, aínda que a maioría estaba dedicado a lembrar a relación do homenaxeado coa entidade betanceira. Así, unha fotografía de Castelao con representantes das directivas das Sociedades de emigrantes do Partido Xudi-cial de Betanzos (Centro Betanzos, Unidos de Sada, Casa de Coirós, Hijos de Ois, Oza dos Ríos e Residentes de Cesuras) datada no ano

1947, reproducíase de forma destacada. Un artigo do presidente do Centro Betanzos, Antón Suárez do Pazo, en tono galeguista afirmaba, lembrando unha conversa con Castelao, que a Galiza ideal era a Galiza da emigración en contraposición á Galiza asoballada polo centralismo e a ditadura franquista: «...cada galego que emprende o camiño da emigración é unha concencia que se está salvando para a Galiza do porvir». Para elo as sociedades de emigrantes debían ser unha especie de escolas de galeguidade e democracia para reeducar as concencias dos nosos emigrantes.

Outro documento interesante publicado no mesmo número extraordinario do boletín é a copia da carta enviada a Castelao pola directiva do Centro Betanzos («entidade netamente galega, e plenamente identificada c'o movemento de recuperación das liberdades da nosa terra»)

notificándolle o acordo unánime de nomealo Presidente Honorario da sociedade. Asimesmo reproduce tamén unha copia da carta de Castelao comunicando a aceptación do nomeamento, con membrete do «Consello de Galiza» e datada en Bos Aires a 7 de agosto de 1948, dirixida ao presidente da entidade, Xoán Suárez. A reprodución das dúas cartas era titulada deste xeito polo propio boletín: «Documentos Hestóricos na vida do Centro Betanzos».

A distinción de Presidente de Honor do Centro Betanzos fóralle entregada a Castelao o 21 de agosto de 1948 nun acto público celebrado no local social da entidade, rúa México 1660. O rianxeiro fixo nese acto —ao dicer do boletín societario— «unha brillante disertación en col da historia da nosa cibdade natal». É mágoa que non se conserve o texto do discurso de Castelao.



«Betanzos», órgano do Centro Betanzos.
N.º 45, xaneiro 1951